



CONVENIO DE COLABORACIÓN CULTURAL ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE DA XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE RODEIRO PARA A AMPLIACIÓN DA BIBLIOTECA NO CENTRO CULTURAL MUNICIPAL DE RODEIRO “CENTRO CULTURAL MULTIUSOS MANUEL LAMAZARES”

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Universidade

DECLARA:

Que esta Secretaría Xeral de Cultura ten previsto formalizar co Concello de Rodeiro o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2021

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e o Concello de Rodeiro para a ampliación da biblioteca no Centro Cultural Municipal de Rodeiro “Centro Cultural Multiusos Manuel Llamazares”.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

De acordo co artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia non é posible promover a concorrência pública para a realización desta actuación, pola necesidade de atender áreas específicas como a que acontece á ampliación da biblioteca no Centro Cultural Municipal de Rodeiro “Centro Cultural Multiusos Manuel Llamazares”, que permita ofrecer, por parte das distintas entidades, uns servizos ben planificados dos que debemos responsabilizarnos, para garantir a todos os cidadáns a igualdade de oportunidades no acceso ao uso das fontes de coñecemento e da cultura.





Por todo o anterior é o Concello de Rodeiro o que posúe a especificidade como beneficiario, así como a da actuación subvencionada e o interese social da axuda concedida.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos recollidos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria

